



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 69  
30 de decembro de 2020

Fascículo 2



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

— Do G. P. Popular, 30 emendas (doc. núm. 6725) [23479](#)

— Do G. P. do BNG, 12 emendas (doc. núm. 6710) [23503](#)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 44 emendas (doc. núm. 6716) [23514](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### ■ 6121 (11/PNC-000735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das obras necesarias para garantir a axeitada ventilación e a seguridade para a saúde no Conservatorio Superior de Música da Coruña [23477](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### ■ 1126 (11/PNC-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia da avaliación correspondente ao I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, xunto co gasto destinado a este por cada unha das consellarías en cada un dos cursos da súa vixencia [23477](#)

##### ■ 4133 (11/PNC-000484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego nos centros de ensino de medidas educativas e de protección sanitaria adaptadas ás necesidades especiais das persoas con deficiencia auditiva [23478](#)



## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.1. Informacións

VALEDOR DO POBO

■ Resolución do 21 de decembro de 2020 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia convocado por resolución do 29 de xullo de 2020 [23478](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 28 de decembro de 2020, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 21 de decembro de 2020, que se indican a continuación.

Dentro do dito prazo, os grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, presentaron os documentos seguintes:

- a) Documentos presentados polo G. P. Popular  
Documento co número de rexistro 6725.
- b) Documentos presentados polo G. P. do BNG.  
Documento co número de rexistro 6710.
- c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia  
Documento co número de rexistro 6716.

Da información rexistral subministrada e tendo en conta o previsto nas Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización da técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria (BOPG núm. 139, do 13 de maio de 2006)] verifícase que o documento número 6725 foi enviado telematicamente o 21 de decembro de 2020, ás 19:21:39.779, polo que foi automaticamente rexistrado ás 9:30 horas do 22 de decembro de 2020, por terse presentado fóra do prazo regulamentario. Porén, segundo o informe emitido o 22 de decembro de 2020 polo Servizo de Tecnoloxías da Información, a presentación extemporánea debeuse a un erro informático de xeración de documentación transitoria no programa de textos comparados Teco. En consecuencia, ao abeiro do disposto na disposición adicional terceira das citadas normas, admítese a trámite.

En consecuencia, a Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

- a) 30 emendas do G. P. Popular (doc. núm. 6725).
- b) 12 emendas G. P. do BNG (doc. núm. 6710).



c) 44 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6716).

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2020.  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.6. Proposicións non de lei**

##### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

###### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

#### **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 29 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 6121 (11/PNC-000735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das obras necesarias para garantir a axeitada ventilación e a seguridade para a saúde no Conservatorio Superior de Música da Coruña

BOPG nº 59, do 09.12.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solucionar os problemas que afectan a comunidade educativa do Conservatorio Superior de Música da Coruña, e a realizar as obras necesarias para garantir a correcta ventilación e seguridade do centro.»

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 1126 (11/PNC-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia da avaliación correspondente ao I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, xunto co gasto destinado a este por cada unha das consellarías en cada un dos cursos da súa vixencia

BOPG nº 12, do 08.09.2020



Sométese a votación a emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6842) e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 4133 (11/PNC-000484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego nos centros de ensino de medidas educativas e de protección sanitaria adaptadas ás necesidades especiais das persoas con deficiencia auditiva BOPG nº 40, do 04.11.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.1. Informacións

#### Valedor do Pobo

#### **Resolución do 21 de decembro de 2020 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia convocado por resolución do 29 de xullo de 2020**

Por resolución da valedora do pobo do 29 de xullo de 2020 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia desta institución. A convocatoria foi publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 652 e no *Diario Oficial de Galicia* nº 154, ambos do 3 de agosto de 2020.

Finalizada a tramitación do procedemento correspondente e en exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, de 5 do xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.l) do Regulamento de organización e funcionamento da institución,

RESOLVO:

Nomear a Elena Natalia Aller Fajardo xefa de sección de Apoio e Transparencia da institución do Valedor do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2020

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo



## EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000008).

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 3

Suprímese no artigo 3 o apartado Un do número 1, no que se engade a letra f) ao número 2 ao artigo 47 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

---

Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 3

Modifícase o número 2 do artigo 3 que queda redactado como segue:

“2. Como medida excepcional dirixida a paliar os efectos da COVID-19 en determinados sectores se establece a seguinte exención aplicable ao canon da auga e ao coeficiente de vertedura.

Quedan exentos do pagamento do canon da auga ou do coeficiente de vertedura os consumos de auga correspondentes aos períodos de facturación comprendidos entre o 5 de novembro de 2020 e ata a data na que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, ambas datas incluídas, nos seguintes establecementos, sempre que estes teñan diminuído significativamente a súa actividade no dito período:

- a) Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías e bares.
- b) Os seguintes establecementos de lecer e entretemento: salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculo e furanchos.
- c) Hoteis e aloxamentos turísticos.
- d) Albergues turísticos.





Para os efectos da aplicación da exención, entenderase producida unha diminución significativa da actividade nos establecementos indicados cando no período de vixencia da exención os consumos realizados sexan iguais ou inferiores ao 25% do consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020.

No caso de contribuíntes que non dispoñan de contador de auga que permita determinar a variación de consumos por este medio, a diminución significativa da actividade que dea dereito á exención deberá acreditarse mediante a achega por aqueles dos rexistros de aloxamentos, dos servizos efectivamente realizados ou do consumo eléctrico dos que se desprenda unha diminución da actividade no período de vixencia da exención de polo menos o 75 % respecto da actividade desenvolvida no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020. No caso de que a diminución significativa da actividade nos termos indicados nos dous parágrafos anteriores só se produza nalgún ou nalgúns dos períodos de facturación incluídos dentro do período de vixencia da exención, a exención só se aplicará naqueles períodos de facturación nos que teña lugar a diminución. As entidades subministradoras virán obrigadas a non repercutir o canon da auga e, no seu caso, o coeficiente de vertedura, aos aboados que, conforme ao previsto anteriormente, teñan dereito á exención. Respecto daqueles importes xa repercutidos na data de entrada en vigor desta lei, as entidades subministradoras deberán regularizar tales importes na primeira facturación que realicen, con posterioridade á dita data, aos abonados que sexan beneficiarios da exención. No suposto de contribuíntes que se abastezan de fontes propias de abastecemento de auga, Augas de Galicia non liquidará o canon da auga e, no seu caso, o coeficiente de vertedura, correspondente ao período ou períodos de facturación nos que se teña dereito á exención.

A exención regulada no presente artigo tramitarase previa solicitude do interesado, xustificando o cumprimento dos requisitos establecidos”

---

#### Emenda nº6, de Adición. Artigo 4

No punto Cinco do artigo 4 engádese un apartado para modificar o número 3 do artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:





“Cinco. Modifícanse os números 3, 4 e 5 do artigo 106, que quedan redactados como segue:

3. As funcionarias vítimas de violencia de xénero teñen dereito á redución da xornada de traballo diario por horas completas e con diminución proporcional das súas retribucións na medida en que sexa necesario para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan procedentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

No suposto enunciado no parágrafo anterior, a funcionaria pública manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos”.

---

Emenda nº3, ao apartado 18, de Modificación. Artigo 4

Modifícase o apartado dezaioito do artigo 4 no que se engade a disposición adicional décimo quinta na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional décimo quinta. Valoración de determinados méritos.

Poderá valorarse como mérito nas bases das respectivas convocatorias de concursos de traslados, promoción interna e de acceso aos graos do sistema transitorio previsto no número 4 da disposición transitoria oitava, e tamén como mérito para os efectos da confección das listas de contratación temporal, a prestación de servizos de xeito presencial en postos de traballo dos centros residenciais ou sociosanitarios dependentes da consellería competente en materia de política social, sempre que se trate de servizos prestados durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da COVID-19, nas seguintes categorías profesionais do sistema de clasificación profesional do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia: a categoría profesional 2 do Grupo I; a categoría profesional 2 do Grupo II; a categoría profesional 06 do Grupo II; a categoría profesional 3 do Grupo IV; a categoría profesional 4 do Grupo IV; a categoría profesional 43 do Grupo IV, a categoría 44 do Grupo IV, a categoría profesional 1 do





Grupo V e a categoría profesional 11, sempre que os servizos se prestasen durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da COVID-19, en postos de traballo dos centros residenciais ou sociosanitarios dependentes da Consellería competente en materia de Política Social.”

---

Emenda nº31, ao apartado 19 quater), de Adición. Artigo 4

No artigo 4 engádese un apartado dezanove quater para modificar o título e os apartados 1 e 2 da disposición adicional décimo cuarta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que quedan redactados como segue:

“Disposición adicional décimo cuarta.- Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia e das distintas especialidades de bombeiros forestais das diferentes escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia e das distintas especialidades de bombeiros forestais das diferentes escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, que en todo caso será voluntaria, consistirá no pase á realización de tarefas que non impliquen unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das anteriores escalas e especialidades que cumpran os requisitos que a continuación se indican:

- a) Ter cumpridos os 60 anos de idade.
- b) Ter desempeñado 25 anos de servizo nestas escalas ou especialidades.
- c) Formular solicitude nos termos previstos regulamentariamente”.

A redacción do resto do artigo permanece inalterada.

---

Emenda nº4, ao apartado Dezanove bis), de Adición. Artigo 4





No artigo 4 engádese un apartado dezanove bis para engadir unha letra k) no número 1 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

k) En relación á consolidación do grao, o persoal funcionario de carreira na situación administrativa de servizos especiais, por cada dous anos de servizos continuados, consolidará dous niveis superiores de grao persoal ao que posúise, sen que, en ningún caso, poida superar o nivel máximo que podería obter no seu corpo ou escala de pertenza.

---

Emenda nº5, ao apartado Dezanove ter), de Adición. Artigo 4

No artigo 4 engádese un apartado dezanove ter para engadir unha letra l) no número 1 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

l) O persoal funcionario de carreira que pase a desempeñar un posto directivo nunha entidade instrumental do sector público autonómico superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal, consolidará cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posúise, sen que en ningún caso, poida superar o correspondente ao do posto desempeñado.

---

Emenda nº19, ao apartado 9 bis), de Adición. CAPÍTULO II

Debe engadirse no Capítulo II do Título II un novo artigo 9 bis, que terá o seguinte contido:

“Artigo 9 bis. Modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia

O número 2, do artigo 27, da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, queda modificado como segue:





2. A persoa titular da consellaría competente en materia de caza dispoñerá dun prazo de seis meses, contados a partir da presentación da solicitude, para resolver a petición e, en todo caso, o silencio será negativo. A consellaría competente poderá denegar a solicitude por razóns debidamente motivadas cando razóns de índole técnica, sanitaria, biolóxica, medioambiental, de seguridade ou social así o recomenden. Cando a autorización afecte a espazos naturais protexidos, o promotor ou promotora debe presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos deben someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental”.

---

#### Emenda nº7, de Modificación. Artigo 7

Modifícase o punto Catro do artigo 7, no que se modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que terá o seguinte contido:

“Catro. Modifícase a letra e) do número 2 do artigo 63, que queda redactada como segue:

e) As ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no Plan básico autonómico que sexan aplicables. Xustificadamente, os plans básicos municipais poderán reaxustar as ditas ordenanzas, con base no estudo pormenorizado do territorio e na análise do modelo de asentamento poboacional.”

---

#### Emenda nº8, de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto Seis bis no artigo 7, no que se modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que terá o seguinte contido:

“Seis bis). Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 92, que queda redactado como segue:  
Artigo 92. Protección das vías de circulación





1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.”

---

#### Emenda nº9, de Adición. Artigo 7

Debe engadirse un novo punto Seis ter no artigo 7, no que se modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que terá o seguinte contido:

“Seis ter). Modifícase o segundo parágrafo do número 4 do artigo 96, que queda redactado como segue:

Esta garantía deberá constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, sendo beneficiaria dela a administración actuante.”

---

#### Emenda nº12, de Modificación. Artigo 8

Modifícase o punto Seis do artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que queda redactado como segue:

“Seis. Modifícase a letra a) do artigo 149, que queda coa seguinte redacción:

a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes (artigo 63.2.a) da LSG).

A tal efecto, os plans básicos municipais delimitarán os núcleos rurais existentes no municipio e identificados no Plan básico autonómico, de acordo cos criterios establecidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e neste regulamento, e os categorizarán, segundo corresponda, como tradicional ou común, de conformidade coas súas características e o seu grao de consolidación.





Asemade, os plans básicos municipais poderán declarar subsistentes as delimitacións de núcleos rurais aprobadas con anterioridade, incorporando a delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas. Nestes casos e para os efectos da aplicación do réxime xurídico xeral de núcleo rural e das ordenanzas do plan básico autonómico, establecerase a correspondencia entre as diferentes áreas das delimitacións incorporadas e os tipos básicos de núcleo rural previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.”

---

#### Emenda nº13, de Modificación. Artigo 8

Modifícase o título do punto Sete, do artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que queda redactado como segue:

“Sete. Modifícase a letra e) do artigo 149, que queda coa seguinte redacción:”

---

#### Emenda nº15, de Modificación. Artigo 8

Modifícase o primeiro parágrafo do punto Trece do Artigo 8 no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, permanecendo inalterado o resto do punto Trece, que queda coa seguinte redacción:

“e.2) Unha ficha para cada un dos núcleos rurais delimitados polo plan ou, de ser o caso, incorporados, co seguinte contido mínimo”:

---

#### Emenda nº10, de Adición. Artigo 8

Debe engadirse un novo punto Un bis ao artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do



solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que terá o seguinte contido:

“Un bis. Modifícase o artigo 63, que queda redactado como segue:

### Artigo 63. Edificacións existentes de carácter tradicional

1. As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos (artigo 40.1 da LSG).

Para os efectos do sinalado no punto anterior, enténdese por uso residencial aquel uso en edificios concibidos principalmente para vivenda, mesmo cando conteñan recintos onde se desenvolve unha actividade económica, ben a través dunha vivenda adaptada para o exercicio da dita actividade económica ou ben nun recinto concibido expresamente para o seu exercicio, polo que nada obsta para que poida desenvolverse máis dun uso na mesma edificación.

2. Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional. En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.(artigo 40.2 da LSG).

O límite de altura sinalado resulta exixible ás obras de reforma, rehabilitación, reconstrución e ampliación que se pretendan levar a cabo, e non será óbice para a súa execución que a edificación tradicional supere tal parámetro antes da acometida das ditas obras.

No caso das edificacións que non esgotasen a posibilidade ampliatoria ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional permitido pola norma, poderán facelo nun momento posterior como resposta ás novas necesidades de espazo que puidesen xurdir.

3. De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 deste regulamento, no solo rústico de



especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

4. Aos efectos do previsto neste artigo, considéranse edificacións tradicionais todas as edificacións existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana, con independencia da súa tipoloxía. (artigo 40.3 LSG)

Por edificación existente enténdese aquela que estivese rematada na data indicada, e poderá achegarse, para acreditar tal aspecto, calquera medio de proba admisible en dereito. Así mesmo, a construción deberá presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as características esenciais da súa tipoloxía orixinaria.

5. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación. (artigo 40.4 LSG).

---

#### Emenda nº11, de Adición. Artigo 8

Engádese un novo punto cinco bis no artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que terá o seguinte contido:

“Cinco bis. Modifícase a numeración do artigo 149, eliminando o número 1, pois non hai mais numeración.”

---

#### Emenda nº14, de Adición. Artigo 8

Engádese un novo punto Sete bis no artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que terá a seguinte redacción:

“Sete bis. Engádese una letra f) ao artigo 149, que queda coa seguinte redacción:





“f) Delimitación dos ámbitos de ordenación remitida, no seu caso, identificando con claridade o instrumento e a súa data de aprobación. Neste suposto, a normativa do plan básico municipal recollerá unha ficha para cada ámbito que identifique o documento declarado subsistente”.

---

#### Emenda nº16, de Adición. Artigo 8

Engádese un novo punto Vinte bis no artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que terá o seguinte contido:

“Vinte bis. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 230, que queda redactado como segue:

Esta garantía deberá constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, sendo beneficiaria dela a Administración actuante.

---

#### Emenda nº17, de Adición. Artigo 8

Engádese un novo punto Vinte ter no artigo 8, no que se modifica o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, co seguinte contido:

“Vinte ter. Modifícase a letra a) do número 1 da disposición transitoria segunda, que queda redactada como segue:

a) Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será aplicable o previsto no artigo 63. Enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40.”



---

Emenda nº18, de Adición. Artigo 9

Debe engadirse un novo punto Un bis no artigo 9 no que se modifica a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da biodiversidade de Galicia, que terá o seguinte contido:

“Un bis. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

Artigo 4. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio das funcións que esta lei atribúe á Administración e ao Parlamento autonómicos respecto dos espazos, das especies (agás no caso das especies altamente migratorias no ámbito mariño) e dos hábitats e das áreas críticas situados no medio terrestre da comunidade autónoma de Galicia, así como no medio mariño cando exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente”.

---

Emenda nº23, ao apartado 14 bis), de Adición. CAPÍTULO III

No Capítulo III do Título II engádese un novo artigo 14 bis para incorporar unha nova disposición adicional sétima na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, coa seguinte redacción:

“Artigo 14 bis. Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común  
Engádese unha disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

Disposición adicional sétima. Prazo para a realización de asembleas xerais e prórroga do mandato das xuntas reitoras.

1. As asembleas xerais das comunidades de montes veciñais en man común, no que respecta ás obrigas previstas na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, en canto ao seu funcionamento e gobernanza, poderán, en





función da evolución da situación de emerxencia sanitaria causada pola COVID-19, aprazar a renovación de xuntas reitoras, a actualización do censo de comuneiros e do libro de contabilidade e a celebración anual de asembleas xerais e, polo tanto, a aprobación de actos de disposición e outras obrigas normativamente previstas, como a comunicación anual de reinvestmentos.

2. Respecto do mandato das xuntas reitoras das comunidades de montes afectadas no relativo á súa renovación pola emerxencia sanitaria existente, e cuxa vixencia se vise afectada polas medidas excepcionais adoptadas dende o 14 de marzo de 2020, entenderase prorrogado ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que poidan ser renovados ou cesados en calquera momento anterior polo órgano competente.

As xuntas reitoras poderán tomar as decisións que resulten indispensables e necesarias para a boa gobernanza e xestión do monte veciñal en man común, debendo, unha vez finalizado este período excepcional, informar cumpridamente aos comuneiros da totalidade dos acordos adoptados, dos motivos que xustificaron a súa adopción, e así mesmo, deben ser expresamente referendados na primeira asemblea xeral que teña lugar, en canto a situación sanitaria o permita.

As modificacións previstas nesta disposición serán aplicables directamente ás Comunidades de montes en man común con independencia do que dispoñan os seus estatutos. Non obstante, cando se pretenda modificar os estatutos vixentes estes deberán adaptarse integramente ao disposto nesta lei”.

---

Emenda nº20, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 12

Modifícase no artigo 12 o número 1 do apartado Dous, no que se introduce un novo artigo 47 quarter na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

“1. As guías de ordenación produtiva se configuran como un documento técnico no que se delimitarán os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na





aldea modelo e elaboraranse pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co seguinte contido mínimo:

a) A delimitación do perímetro.

b) A relación das parcelas incluídas no perímetro, parcelas excluídas e as súas causas de exclusión, así como a relación das parcelas das que non foi posible localizar ás súas persoas titulares, de acordo coa certificación do concello, que poderán ser incorporadas cautelarmente ao Banco de Terras de Galicia, segundo o disposto no artigo 47.bis.

c) A determinación daqueles cultivos ou aproveitamentos para os que exista unha maior aptitude, tecnicamente xustificada, dende o punto de vista económico, técnico, social e ambiental, na totalidade ou nunha parte do perímetro, que serán considerados como preferentes, e aqueloutros que, sen presentar as anteriores características, non impliquen danos de carácter social ou ambiental, que serán considerados secundarios.

d) O parcelario interior, xunto coa aptitude ou aptitudes produtivas de cada parcela, e a relación de persoas asinantes xunto coas parcelas afectadas.

e) Os prazos de arrendamento para todos os grupos de cultivos ou aproveitamentos, con indicación expresa de que, por razóns técnicas, sexa necesaria ampliación do período mínimo de cinco anos.

f) A descrición das obras e infraestruturas necesarias para a posta en produción das actividades a desenvolver na aldea modelo sen prexuízo da súa posterior concreción na convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas de aproveitamento das parcelas incorporadas a aldea modelo.

g) Os prezos mínimos de arrendamento que resulten aplicables ás parcelas sobre as que existe un compromiso de incorporación ao Banco de Terras para a súa cesión ulterior en arrendamento.

h) Descrición das actuacións de limpeza dos terreos do perímetro que resulta preciso acometer con carácter previo o inicio do procedemento de selección das propostas de aproveitamento”.

---

Emenda nº21, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 12





Modifícase no artigo 12 o número 4 do apartado Dous, no que se introduce un novo artigo 47 quarter na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

4. Unha vez publicada a aprobación definitiva da guía de ordenación produtiva e concluídos os traballos de limpeza do perímetro de actuación da aldea modelo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procederá a realizar a convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas para o aproveitamento de parcelas incorporadas á aldea modelo, establecendo os requisitos de admisión das propostas de participación.

Na referida convocatoria determinaranse dos criterios mais acaídos de preferencia para a selección das propostas de aproveitamento dos terreos incorporados a aldea modelo mediante a tramitación dun procedemento de concorrencia competitiva. Entre outros, poderanse ter en conta os seguintes:

- 1º. A complementariedade con outros proxectos de aldea modelo e xeración de sinerxías.
- 2º. As orientacións produtivas definidas como preferentes que se priorizarán respecto das secundarias.
- 3º. A ampliación da base territorial das explotacións existentes.
- 4º. A produción ecolóxica.
- 5º. As propostas que abrangan maior superficie dentro do perímetro da aldea modelo e as que asuman a realización dun maior volume de obras precisas e a asunción dos costes da súa execución, segundo a guía de ordenación produtiva para a implantación de actividades de explotación.
- 6º. A continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras.
- 7º. As propostas que se presenten por persoas que manifesten o seu compromiso de residir habitualmente na aldea modelo.
- 8º. A renda, outorgando a puntuación máxima a incrementos do 100% sobre o prezo unitario mínimo que figure na guía de ordenación produtiva. Este valor ponderarase proporcionalmente para aqueles prezos comprendidos entre o prezo base e o 100% de incremento.
- 9º. A incorporación á actividade agraria, valorándose a creación de novas explotacións, así como a incorporación de persoas mozas e de mulleres que asuman a titularidade ou cotitularidade das explotacións.
- 10º. A aportación de terras que xa formen parte do perímetro ó ámbito de actuación da aldea modelo. Obterán a puntuación máxima quenes aporten terras xestionadas por elas mesmas."



---

## Emenda nº32, de Adición. Artigo 17

Engádesse un novo artigo 17.bis para modificar o contido do artigo 80 da Lei 2/2017, de forma que este quedase redactado como segue:

Artigo 17. Modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas.

O artigo 80 da Lei 9/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas, queda redactado corno segue:

"Adaptación da explotación dos contratos de concesión de concesión públicos de transporte regular de uso xeral ou mixtos por razón de integración de servizos ou melloras na explotación.

Un. A administración poderá introducir, en calquera momento, alteracións ou modificacións nas condicións de explotación dos contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral ou mixtos, coa finalidade de atender a demanda de transporte xerada por persoas usuarias dos servizos públicos de transporte que oferte a Xunta de Galicia.

Dous. Identificada a necesidade de modificar as condicións de prestación dun servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral da competencia da Xunta de Galicia, aos procedementos de adaptación das súas condicións de prestación iniciados de oficio polo responsable do correspondente contrato de concesión, e aos iniciados por solicitude de interesado, resultaranlle de aplicación as seguintes especialidades:

1. O responsable do contrato poderá ditar unha medida cautelar de carácter executivo na que disporá a súa prestación por parte da empresa contratista elixida para tal fin, consonte co previsto nos correspondentes contratos de concesión de servizos públicos de transporte. Esta medida cautelar terá carácter executivo e será de obrigado cumprimento para o contratista, que deberá adaptar a explotación do servizo no prazo que nela se estableza.

2. Sen prexuízo do indicado carácter executivo da medida executiva da Administración, desde a súa recepción o concesionario disporá do prazo de dez días para a formulación





de alegacións. Por este mesmo prazo, a Administración dará audiencia a calquera outro interesado.

3. Cando a modificación das condicións de explotación impliquen a creación dunha nova parada, ou a modificación dunha xa existente, sen prexuízo do carácter executivo das medidas cautelares que se puidesen adoptar consonte co establecido anteriormente, darase audiencia ao titular da vía no prazo sinalado no punto anterior.

No caso de formulación de alegacións que impliquen a negativa á creación ou ao emprazamento dunha parada, o titular da vía deberá presentar unha ou varias alternativas xustificando o mantemento dunha análoga ou mellor funcionalidade para as persoas usuarias.

4. Analizadas as alegacións formuladas, se for o caso, o responsable do contrato ditará resolución definitiva.

Tres. Mediante resolución conxunta dos departamentos da Xunta de Galicia con competencia en materia de transportes e cada un dos ámbitos sectoriais obxecto de integración, estableceranse protocolos administrativos de actuación para a recepción, validación e aprobación das novas demandas de prestación de servizos de transporte público.

Catro. Igualmente, nos termos previstos nesta lei e na normativa básica de aplicación, a mellora nas condicións de prestación do servizo público de transporte, a implantación de solucións de explotación innovadoras como a xestión baixo demanda, ou a integración de servizos de transporte, consideraranse causas de interese público xustificativas da modificación de oficio dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral que estean en explotación, nos termos previstos no segundo parágrafo do artigo 3.1 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema do transporte público de Galicia, logo de audiencia do contratista.

Nestes casos, a Administración deberá prever as compensacións que resulten esenciais para, mantendo as condicións de equilibrio económico dos indicados contratos e o principio de risco e ventura que lles é propio, resarcir o contratista polas novas obrigas de servizo público que se lle impoñan.”

---

Emenda nº24, ao apartado Un, Dous e Tres, de Modificación.  
Artigo 18



Modifícase no artigo 18 os apartados Un, Dous e Tres, nos que se modifican o número 8 do artigo 4, o número 12 do apartado F) e o número 6 do apartado G) do artigo 137 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que queda redactado como segue:

Un. O número 8 do artigo 4, queda redactado como segue:

“8. Establecementos auxiliares de cultivos mariños: son aqueles establecementos que teñen como función principal a depuración, expedición, o almacenamento, o mantemento, a clasificación e a regulación comercial dos cultivos mariños e, no seu caso, doutros produtos pesqueiros, coa finalidade de posibilitar a súa chegada ás persoas consumidoras nas condicións hixiénico-sanitarias que a lei demanda”.

Dous. O número 12 do apartado F) do artigo 137, queda redactado como segue:

“12. A tenza, a consignación, o almacenamento, o transporte, a exposición e a primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de talla ou peso inferiores aos regulamentarios. Nos supostos en que estas condutas afecten ás diferentes especies de moluscos e se realicen en lonxa ou en calquera dos establecementos autorizados para a primeira venda, o volume total vendido de talla ou peso inferior ao mínimo nun día deberá ser superior ao 10% do total comercializado para esa especie. No caso de que esta porcentaxe sexa inferior ou igual ao 10%, e a súa captura se considere non intencionada considerarase infracción leve, non podendo ser obxecto de comercialización.”

Tres. O número 6 do apartado G) do artigo 137, queda redactado como segue:

“6. A tenza, a consignación, o transporte, o tránsito, o almacenamento, a transformación, a exposición e a venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de talla ou peso inferiores aos regulamentarios.

Nos supostos en que estas condutas afecten ás diferentes especies de moluscos e se realicen en lonxa ou en calquera dos establecementos autorizados para a primeira venda, o volume total vendido de talla ou peso inferior ao mínimo nun día deberá ser superior ao 10% do total comercializado para esa especie. No caso de que esta porcentaxe sexa inferior ou igual ao 10%, e a súa captura se considere non intencionada





considerarase infracción leve, non podendo ser obxecto de comercialización.”

---

#### Emenda nº25, de Adición. Artigo 20

No artigo 20 engádese un apartado para modificar o número 5 da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que queda redactado como segue:

“5. A consellería competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das recollidas nos números anteriores deste artigo, así como as entidades privadas, que sexan titulares ou que xestionen escolas infantís de 0-3 anos, apliquen para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as unha bonificación do 100% da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa. Entre tales medidas poderá atoparse o establecemento de subvencións, sendo nestes casos a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.”

---

#### Emenda nº22, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 22

Modifícase o apartado Tres do artigo 13, no que se modifica a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

“Tres. Modifícase a letra j) do número 1 do artigo 126, que queda coa seguinte redacción:

j) Rexistro de Agrupacións forestais de xestión conxunta, no cal se inscribirán as agrupacións forestais de xestión conxunta que voluntariamente se constitúan de acordo cos requisitos establecidos nesta lei. O rexistro das sociedades de fomento forestal existente con anterioridade á creación deste rexistro queda integrado neste.”

---



## Emenda nº26, ao apartado 1.Tres, de Supresión. Artigo 22

Suprímese o apartado Tres do número 1 do artigo 22, no que se suprime o número 9 do artigo 36 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia

---

## Emenda nº27, de Modificación. Disposición adicional segunda

Modifícase a Disposición adicional segunda, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional segunda. Medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria, que queda redactado como segue:

Entenderase que a situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 constitúe unha causa de forza maior que xustifica, naqueles procesos selectivos ou de provisión que, pola dita causa, non poidan desenvolverse regularmente, e tanto se están convocados no momento da entrada en vigor desta lei como se son convocados con posterioridade, a adopción motivada pola persoa titular da consellería competente en materia de función pública, educación ou sanidade, segundo o persoal de que se trate, entre outras, das seguintes medidas:

- a) A ampliación dos distintos prazos de realización dos exercicios dos procesos selectivos ata que a situación derivada da pandemia permita un axeitado desenvolvemento dos mesmos.
- b) A realización dos exercicios dos procesos selectivos en distintas quendas, con distintos exercicios sobre o mesmo temario, así como a realización dos exercicios en distintas sedes, distribuíndose as persoas aspirantes do xeito que determine o órgano convocante dos procesos, sempre que, en todo caso, quede garantido o respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso ao emprego público.
- c) Fixación de datas alternativas para a realización de exercicios de procesos selectivos a persoas aspirantes que non poidan participar neles na data inicialmente sinalada por atoparse cumprindo unha medida de illamento ou en corentena que teñan prescrita por ser persoa infectada por Covid-19 ou





contacto estreito, debendo fixarse a data alternativa con garantías de non alteración do desenvolvemento normal do correspondente proceso selectivo.

d) A ampliación dos distintos prazos para a resolución dos procesos de provisión.

e) A posibilidade de alterar a orde de realización das probas dos procesos selectivos.

f) A adopción de calquera outra medida, debidamente xustificada, a proposta da autoridade sanitaria autonómica competente.”

---

#### Emenda nº28, de Modificación. Disposición adicional terceira

Modifícase a Disposición adicional terceira, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional terceira. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino derivadas da situación de emerxencia sanitaria.

Como consecuencia das circunstancias excepcionais ocasionadas pola declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia da COVID-19, e para garantir a prestación de funcións relacionadas coa atención á dita emerxencia, adóptanse as seguintes medidas en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino:

No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, ou, no seu caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazos reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás indicadas, poderá solicitarse directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos ou acudir opcionalmente á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación, ou aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estiveran publicadas as listas definitivas e lles correspondese ser admitidos ou á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.



Ademais, en postos pertencentes á categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3), poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estiveran en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non fose posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3) polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que cumpran o resto dos requisitos esixidos para o acceso á categoría.

2. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existisen candidatos que estiveran en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos esixidos para o acceso á categoría de que se trate.

3. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

4. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que tivesen solicitado previamente a suspensión das citacións, por non estar prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

5. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada á duración da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020".

---

Emenda nº29, de Adición. Disposición adicional cuarta

Engádese unha disposición adicional quinta que queda redactada como segue:





“Disposición adicional quinta. Medidas especiais derivadas da situación de emerxencia sanitaria, en materia de procesos de selección fixa convocados polo Servizo Galego de Saúde.

Nas convocatorias dos procesos selectivos para o acceso á condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, das categorías sanitarias e de xestión e servizos con atención directa ao usuario, que se aproben a partir da entrada en vigor da presente disposición valorarase como mérito a prestación efectiva de servizos durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada polo novo coronavirus SARS-CoV-2 (Covid-19), nos termos que se determinen previa negociación coas organizacións sindicais.

O disposto no apartado anterior non resultará de aplicación aos procesos actualmente en tramitación, nos que a data límite para o cómputo de méritos da fase de concurso sexa anterior á declaración da situación de emerxencia sanitaria”.

---

### Emenda nº30, de Supresión. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo sexto da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:

“O artigo 3 introduce modificacións na regulación do canon da auga e do coeficiente de vertedura que, esencialmente, van dirixidas a prever o réxime aplicable aos usos previstos na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, ao establecemento dunha exención como medida excepcional dirixida a paliar os efectos da COVID-19 en determinados sectores, así como a precisar a redacción do número 5 do artigo 56 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia co obxecto de reiterar a previsión, xa establecida a través do número 4 de dito artigo, pola cal se determina que o coeficiente corrector de volume é de exclusiva aplicación ao tipo de gravame especial do canon da auga.”

---





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/12/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 6725**  
Data envío: 21/12/2020 19:21:39.779

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 21/12/2020 19:20:47**

CSV: BOPGDSPG3yz3D5D3y2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E  
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000008).**

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 1

Suprimir o Artigo 1.

---

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1 bis

Engadir un novo Artigo 1 bis co seguinte texto:

“Artigo 1 bis. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas  
O artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da  
Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos  
cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011,  
do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Base liquidábel (até euros)	Cota íntegra (euros)	Resto base liquidábel (até euros)	Tipo aplicábel (porcentaxe)
-	-	12.450,00	9,50
12.450,00	1.182,75	7.750,00	11,75
20.200,00	2.093,38	7.500,00	14,00
27.700,00	3.143,38	7.500,00	17,00
35.200,00	4.418,38	12.400,00	20,00
47.600,00	6.898,38	12.400,00	21,50
60.000,00	9.564,38	60.000,00	24,50
120.000,00	24.264,38	en diante	25,50

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1 ter

Engadir un novo Artigo 1 ter co seguinte texto:

“Artigo 1 ter Imposto sobre o Patrimonio



O artigo 13 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

**Artigo 13. Mínimo exento**

O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 300.000 euros.

O artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

**Artigo 13 bis. Cota íntegra**

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidábel (até euros)	Cota íntegra (euros)	Resto base liquidábel (até euros)	Tipo aplicábel (porcentaxe)
-	-	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.504,13	334.246,87	1,0
668.499,75	4.846,60	668.499,74	1,8
1.336.999,50	16.879,59	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	51.641,58	2.673.999,02	3,4
5.347.998,03	142.557,55	5.347.998,03	4,2
10.695.996,07	367.173,46	en diante	5,0

---

**Emenda nº4, de Adición. Artigo 1 quater**

Engadir un novo Artigo 1 quater polo que se modifica o apartado b) do Artigo 6.Dous do decreto legislativo 1/2011 do 28 de xullo, co seguinte texto:

“Artigo 1 quater. Imposto sobre Sucesións e Doazóns  
A letra b) do número dous do artigo 6 do decreto legislativo 1/2011 do 28 de xullo queda modificado como segue:

“b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou mais, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000 euros”





### Emenda nº5, de Adición. Artigo 3 bis

Engadir un novo Artigo 3 bis co seguinte texto:

“Artigo 3 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.  
Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m<sup>2</sup> dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito impositivo vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base impositiva do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

---

### Emenda nº6, de Adición. Artigo 3 ter

Engadir un novo Artigo 3 ter co seguinte texto:

“Artigo 3 ter. Imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión





**Un. Obxecto do imposto**

O imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

**Dous. Feito imponible**

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito imponible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

**Tres. Obrigados/as tributarios/as**

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

**Catro. Base imponible e cota tributaria**

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Imponible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base



impoñible coma se a capacidade do tendido eléctrico fora de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo  
Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

---

Emenda nº7, de Adición. Artigo 3 quater

Engadir un novo Artigo 3 quater co seguinte texto:

"Artigo 3 quater. Imposto sobre bebidas con exceso de azucre  
Un. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste imposto é gravar o consumo de bebidas azucradas envasadas con exceso de azucre, debido aos nocivos efectos que teñen na saúde da poboación.
2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é exixible en todo o territorio de Galiza.

Dous. Feito imoñible

1. Constitúe o feito imoñible do imposto a adquisición de bebidas azucradas envasadas, a título gratuito ou oneroso, polo contribuínte, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.
2. Son bebidas azucradas as que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de pradairo, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.
3. Están suxeitas ao imposto as seguintes tipoloxías de bebidas azucradas, sempre que conteñan 5 ou máis gramos de azucre por cada 100 mililitros:
  - a) Os refrescos ou sodas: bebidas sen alcohol de distintos sabores, con ou sen gas, preparadas comercialmente e que se venden en botellas ou latas, así como as que se subministran ao consumidor mediante un surtidor.
  - b) As bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.
  - c) As bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar aos atletas na rehidratación, así como na reposición dos electrólitos, o azucre e outros nutrientes.
  - d) As bebidas de té e café.
  - e) As bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes a base de herbas.
  - f) Leites adoçadas, bebidas alternativas do leite, batidos e bebidas de leite con zume de froita.
  - g) Bebidas vexetais.





h) Augas con sabores.

4. Non están suxeitos ao imposto as bebidas elaboradas a partir de zumes de froita ou de verdura naturais, concentrados ou reconstituídos, ou a súa combinación, nin tampouco leites ou alternativas dos leites, que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures bebibles, os leites fermentados bebibles, os produtos para uso médico e as bebidas alcohólicas.

Tres. Contribuínte

1. É suxeito pasivo, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica que proporciona a bebida azucrada envasada ao consumidor final do produto.

2. O contribuínte está obrigado a repercutir o imposto ao consumidor final da bebida.

3. Como suxeito pasivo, corresponde ao contribuínte cumprir a obrigaón tributaria principal e as obrigaóns formais inherentes á mesma, nos termos que se establezan por regulamento.

4. É suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o distribuidor residente en territorio español que fornece as bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon a disposición do consumidor. Se quen fornece as bebidas e o establecemento que as pon a disposición do consumidor son a mesma persoa, enténdese que a súa relación coa Administración tributaria é a título de contribuínte e non de substituto do contribuínte, e élle aplicable o que establece o punto 3.

5. Deben establecerse por regulamento as obrigaóns formais que terá que cumprir o substituto do contribuínte.

Catro. Base imponible e tipo de gravame

1. Constitúe a base imponible do imposto a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

2. O tipo de gravame do imposto é o seguinte:

a) 0,07 euros por litro para bebidas cun contido de azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido de azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.

No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida en base á súa composición unha vez está reconstituída e preparada para o seu consumo.

Cinco. Devindicación

1. O imposto devindícase no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do tributo, por parte do contribuínte ao distribuidor.



2. No caso do substituto do contribuínte, o imposto devíndicase no momento no que o contribuínte pon a bebida a disposición do consumo.

#### Seis. Autoliquidación

1. O substituto do contribuínte, ou, se procede, o contribuínte, están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o correspondente ingreso dentro do prazo que se estableza por regulamento.

2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde do/a conselleiro/a do departamento competente en materia tributaria.

#### Sete. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”

---

Emenda nº8, de Adición. Artigo 3 quinquies

Engadir un novo Artigo 3 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 3 quinquies. Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

#### Dous. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

#### Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.





b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

#### Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmentemente por calquera medio de proba admisible en dereito.

#### Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

#### Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciáron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario téñao documentalmentemente





acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades

poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas de aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta





actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou pola tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”

---

Emenda nº9, ao apartado Oito, de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado Oito no Artigo 7 co seguinte texto:

"Engádesse unha nova Disposición adicional cuarta na Lei 2/2016 do solo de Galiza, que quedaría como segue: Disposición adicional cuarta. Expropiacións por ministerio da lei.

O disposto no artigo 86, referido á iniciación de expropiacións por Ministerio da Lei, só será de aplicación aos plans xerais que se aproben e entren en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Respecto do resto de planeamento vixente adaptado ou non á LSG, dispónse unha suspensión de aplicación das expropiacións por ministerio da Lei de 5 anos a contar dende o 1 de xaneiro do 2021, agás para aquelas xa iniciadas nas que a persoa titular dos bens xa presentara diante da Administración a correspondente folla de valoración.”

---

Emenda nº10, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 13







Suprimir o apartado Dous do Artigo 13.

---

Emenda nº11, de Supresión. Disposición adicional primeira

Suprimir a Disposición adicional primeira.

---

Emenda nº12, de Adición. Disposición adicional quinta

Engadir unha nova Disposición adicional quinta co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta. Recoñécese o carácter público das tres fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galiza, e a súa dependencia da Axencia do Coñecemento en Saúde."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/12/2020 17:40:25**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO  
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS  
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000008).**

Emenda nº1, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 1  
Debe suprimirse o artigo 1.1. a)

---

Emenda nº2, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 1  
Debe suprimirse o artigo 1. 1.b).

---

Emenda nº3, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 1  
Debe suprimirse o artigo 1.1. c)

---

Emenda nº4, de Adición. Artigo 1. bis)

Adición dun novo artigo 1. Bis) que quedará redactado co seguinte contido:

“Modifícase o artigo 4 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

A escala autonómica de aplicación á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:





Base liquidable	Cota íntegra	Resto Base Liquidable	Tipo aplicable
Ata euros	Euros	Até euros	Procentaxe
0	0	12450	9,50%
12.450	1.182,00	7.750	11,75%
20.200	2.093,38	7.500	15,50%
27.700	3.255,88	7.500	17%
35.200	4.530,00	12.400	18,5
47.600	6.824,00	12.400	21,00%
60.000	9.428,00	40.000	23,50%
100.000	18.828,00	En adiante	25%

Emenda nº5, de Adición. Artigo 1. Ter

Adición dun novo artigo 1. Ter) que quedará redactado co seguinte contido:

" Un. Modifícase o artigo 5 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado

1. Na letra a) do punto Un deste artigo, débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo polo menos na contía do investimento realizado."

2. Débese engadir un novo parágrafo despois da letra a) do punto Dous, que terá o seguinte contido:

"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

3. Na letra a) do punto Tres deste artigo, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:



"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo del, polo menos, na contía do investimento realizado."

4. No número 1, do punto Catro, onde di: "... de uso residencial vivenda ...", debe dicir: "... de uso residencial vivenda habitual ..."

5. Na letra a), do número 1, do punto Catro, onde di: "... suxeito pasivo.", debe dicir: "... por declaración."

6. No punto Catro, número 3, letra a), débese engadir na primeira liña despois de: "... enerxética do edificio, ..." a seguinte expresión: "... ou vivenda familiar, ..."

7. No punto Catro deste artigo, débese engadir un novo número 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. A aplicación da dedución por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares, sempre que constitúan a vivenda habitual, requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

8. Débese engadir un novo punto Catro bis), que terá o seguinte contido:

"O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de devengo do imposto e sempre que a base imponible non exceda de 50.000 euros en tributación individual ou 70.000 en tributación conxunta, poderá deducir da cota íntegra autonómica as seguintes cantidades:

a) 250 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral.

b) 400 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría especial.





Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente.

Esta dedución aplicarase ao contribuínte co que convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe será rateado por partes iguais."

9. Débese engadir un novo punto Catro ter), que terá o seguinte contido:

a) Que a súa idade, na data da devindicación do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos ou estea en situación de desemprego rexistrado nunha oficina de emprego que acepten un posto de traballo situado nun municipio distinto ao da súa vivenda habitual sempre que este novo traballo esixa o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio, mulleres vítimas de violencia de xénero, contribuíntes con discapacidade igual ou superior ao 65 % e persoas que, como consecuencia dun proceso de separación ou divorcio, se vexan obrigadas a abandonar o domicilio familiar."

10. Débese engadir un novo punto Catro quater, que terá o seguinte contido:

Os contribuíntes que durante o exercicio accedan a internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 euros sempre que a base imponible non exceda de 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta, e segundo os seguintes requisitos:

a) Só se poderá aplicarse no exercicio no que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.

b) A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.

c) Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizou noutro exercicio.





Tampouco resultará aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, ao mesmo tempo, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.

d) O límite máximo da dedución aplícase respecto de todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión, ben a varios que se manteñan simultaneamente."

11. Débese engadir un novo punto Catro quintus, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Para os contribuíntes con base imponible superior a 40.000 euros en tributación individual ou 60.000 euros en tributación conxunta, a dedución establecida no punto 1) reducirase nun 50 %."

12. Débese engadir un novo punto Catro sextus, que terá o seguinte contido:

"Os contribuíntes sempre que a súa base non exceda de 40.000 euros en tributación individual ou 60.000 euros en tributación conxunta, poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, cun límite de 9.000 euros.

A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado.

Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.

b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmovible mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de





rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmovible no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmovible a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro."

13. Débese engadir un novo punto Catro septimus, que terá o seguinte contido:

"O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de devengo do imposto e sempre que a base imponible non exceda de 50.000 euros en tributación individual ou 70.000 en tributación conxunta, poderá deducir da cota íntegra autonómica as seguintes cantidades:

- a) 250 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral.
- b) 400 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría especial.

Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente.

Esta dedución practícaraa o contribuínte co que convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe será rateado por partes iguais."

14. Débese engadir un novo punto Catro octavus, que terá o seguinte contido:

Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos e fillas.

1. O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto, a seguinte contía:



a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa maior ou igual de 22.000,01 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. En caso de parto múltiple, esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

A contía incrementárase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

2. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nacido ou adoptado conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto que corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF estea comprendida entre 22.000,01 e 31.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

3. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos ou fillas convivan con ambos os dous proxenitores a dedución practícarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

4. As contías fixadas por esta dedución duplicáranse no caso de que o nacido ou adoptado teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %."





15. Débese engadir un novo punto Dezanove. bis), que terá o seguinte contido:

“Os contribuíntes poderán deducir o 3 % das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación dunha vivenda nova que estea situada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que constitúa o vaia constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que teña a súa residencia habitual en Galicia e que a súa base imponible total non supere a contía de 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta. A base máxima desta dedución virá constituída polo importe anual establecido como límite para a dedución de vivenda habitual contemplada pola normativa vixente. A porcentaxe de dedución será do 5 % se a adquisición ou rehabilitación se produce en calquera concello con poboación de menos de 5.000 habitantes.

A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado.”

16. Débese engadir un novo punto Dezanove Ter), que terá o seguinte contido:

“As persoas contribuíntes que sexan nais ou pais de familia monomarentais ou monoparentais na data de devindicación do imposto, terán dereito a aplicar na cota íntegra autonómica unha dedución de 400 euros. A dedución incrementarase adicionalmente en 200 euros por cada ascendente maior de 75 anos ou de calquera idade con discapacidade igual ou superior ao 33 % ou dependencia recoñecida, calquera que sexa a súa idade, que xere o dereito á aplicación do mínimo por ascendentes. Cando varias persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación da dedución prevista no paragrafo anterior, estarase ás normas de prorrateo, convivencia e demais límites previstos na normativa estatal do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

A suma das bases impositibles xeral e de aforro non debe superar 40.000 euros en tributación individual ou a 65.000 euros en caso de tributación conxunta.

Terán a consideración de familia monomarental ou monoparental a formada pola nai ou pai e todos os fillos e fillas





que convivan con un ou outro e que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos que, co consentimento dos pais ou nais, vivan independentes destes.
- Fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada."

17. No punto Cinco deste artigo, débese engadir un novo número 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia terá un límite de 60.100 euros anuais."

Dous. Modifícase o artigo 13 do Textos Refundido das disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado co seguinte contido:

1. "O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual".

Tres.- Modifícase o artigo 13 bis do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, regulando a seguinte escala de gravame:





Base liquidable até euros	Cota euros	Resto base liquidable até euros	Tipo aplicable porcentaxe
-	-	167.129,45	0,24
167.129,45	401,11	167.123,43	0,36
334.252,88	1.002,76	334.246,87	0,61
668.499,75	3.041,66	668.499,76	1,09
1.336.999,51	10.328,31	1.336.999,50	1,57
2.673.999,01	31.319,20	2.673.999,02	2,06
5.347.998,03	86.403,58	5.347.998,03	2,54
10.695.996,06	222.242,73	En adiante	3,03

Catro. Modifícase o artigo 14 . do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

1. Modifícase o apartado Sete ., que terá o seguinte contido:

"Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles de uso vivenda, cando vaia a constituír a vivenda habitual do contribuínte, que se atopen nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16 será do 5 %, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto Dous deste artigo.

"2. Engadir un novo punto Sete. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

" Sete bis. Tipo de gravame aplicado na adquisición de vivenda habitual para vítimas de violencia de xénero.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles de uso vivenda, cando vaia a constituír a vivenda habitual do contribuínte, tratándose de vítimas de violencia de



xénero, será do 5 % sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto Dous deste artigo."

---

Emenda nº6, ao apartado 2.catro, de Supresión. Artigo 2

Supresión do artigo 2.2. Catro.

Debe suprimirse.

---

Emenda nº7, ao apartado 2.vinte e nove bis), de Adición. Artigo 2

Adición dun novo artigo 2.2. vinte e nove bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Vinte e nove bis). Engádese un novo apartado no artigo 40. 2. a) bis.

"Estarán exentos da tarifa 02, contida no anexo 5, as corporacións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que, nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, queiran realizar outros usos non estritamente portuarios, tales como actividades culturais, recreativas, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre e cando a mesma non leve consigo unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou o aproveitamento entrañe as condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos e que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e das operacións de tráfico portuario."

---

Emenda nº8, de Adición. Artigo 2. bis)

Adición dun novo artigo 2. bis), que quedará redactado co seguinte contido:





"Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

1.A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm3, á base impoñible.

2.- De acordo co establecido no artigo 4 desta lei, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

---

Emenda nº9, ao apartado Tres.2, de Adición. Artigo 3

Engadir in fine ao artigo 3. Tres.2 o seguinte texto:

"O procedemento para garantir o disposto no presente artigo desenvolverase regulamentariamente de mutuo acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias."

---

Emenda nº10, ao apartado Tres.d), de Supresión. Artigo 4

Debe suprimirse o artigo 4. Tres. d).

---

Emenda nº11, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Tres. Bis) de modificación do artigo 75. c), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 75. c). Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, sen que sexa necesario desde o inmediato inferior, conforme ao establecido nesta sección."

---



Emenda nº12, ao apartado Tres ter), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Tres. ter) de modificación do artigo 75. c), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 75 e). Promoción interna temporal: Por necesidades do servizo e nos supostos e baixo os requisitos que ao efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira o desempeño temporal, e con carácter voluntario, de funcións correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación nas mesas correspondentes."

---

Emenda nº1213, ao apartado Tres quater), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Tres. Quater) de adición dun novo parágrafo do artigo 76. 2., que quedará redactado co seguinte contido:

"Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación da promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira nos termos que regulamentariamente se determinen nas bases das respectivas convocatorias. Na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico garantirase, en todo caso, a mobilidade plena do persoal funcionario dos corpos da Administración Xeral no ámbito das consellerías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico."

---

Emenda nº14, ao apartado Tres quinquies), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Tres. Quinquies, de modificación do artigo 77..b), que quedará redactado co seguinte contido:

"b) Establecerase a correspondente previsión mediante acordo adoptado ao efecto no Comité Intercentros, para que o persoal laboral teña as mesmas garantías de carreira profesional mentres non sexa persoal funcionario de carreira.2"

---



Emenda nº15, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Catro. Bis). adición dun novo parágrafo ao artigo 105. que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 105. Xornada de traballo do persoal funcionario. Cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito da aplicación da presente lei, determinará a xornada ordinaria e as especiais de traballo do persoal funcionario, así coma os supostos nos que aquela pode ser a tempo parcial, previa negociación coa representación do persoal. Así mesmo, establecerá a xornada máxima semanal que será de 37,5 horas, o, no seu caso, para xornadas especiais, para o persoal con xornadas a quendas, nocturnas ou penosas, no período de tempo superior que se determine, e a fórmula para o cómputo anual da xornada de traballo, por negociación colectiva."

---

Emenda nº16, ao apartado Catro ter), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4.Cuatro. Ter, engadir un novo parágrafo ao Artigo 16.3, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 16.3. No suposto enunciado no parágrafo anterior, a funcionaria pública manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos."

---

Emenda nº17, ao apartado Cinco.5, de Modificación. Artigo 4

Modificación do artigo 4. Cinco.5.

Onde di: "... menores de 12 anos..." , debe dicir: ".... menores de 14 anos..."

---

Emenda nº18, ao apartado Oito bis), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Oito bis), de modificación do artigo 121.1, que quedará redactado co seguinte contido:



"1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas."

---

Emenda nº19, ao apartado Doce, de Modificación. Artigo 4

Modificación artigo 4. Doce, modifícase o título do Artigo 124 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 124. Permiso do proxenitor diferente á nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla."

---

Emenda nº20, ao apartado Doce.1, de Modificación. Artigo 4

Modifica do artigo 4. Doce.1. primeiro parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de vinte dúas semanas das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo e filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, a desfrutar a partir da data do nacemento, ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción."

---

Emenda nº21, ao apartado Doce.1, de Adición. Artigo 4

Adición dun novo parágrafo terceiro bis) ao artigo 4. Doce. 1., que quedará redactado co seguinte contido

"Este permiso poderá desfrutarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e





nos termos que regulamentariamente se determinen, conforme ás regras establecidas no presente artigo."

---

Emenda nº22, ao apartado Dezasete bis), de Adición. Artigo 4

Adición artigo 4. Dezasete. bis) de modificación da disposición adicional novena. a denominación proposta de Escalas

"Dezasete. bis). Modificación no Grupo:B da Escala Técnica Superior do SPIF- Especialidade Bombeiro/a Forestal, Xefe de Equipo e no grupo C1 a Escala Técnica Operativa do SPIF - especialidade B.F. Xefe de Brigada."

---

Emenda nº23, ao apartado Dezasete ter), de Adición. Artigo 4

Adición dun nova artigo 4. dezasete. Ter), de modificación da disposición adicional novena, de modificación de Escalas, que quedará redactada co seguinte contido:

" Dezasete . Ter). Ao respecto das funcións: Considerase que dentro das funcións do Grupo B non debe estar a de coordinar ós Bombeiros/as Forestais encargados de brigada, xa que, entendemos que todos teñen que ter as mesmas funcións, tanto no grupo B como no C1. O pretendido é que no momento en que se desenvolva regulamentariamente o futuro Grupo B, aquel persoal que estea en posesión da titulación esixida (CFGs) podan acceder ao mesmo de forma directa sen necesidade de pasar por outro exame de promoción interna. Ao respecto da titulación esixida ao persoal do Subgrupo C1, debe requirirse unha titulación específica para esta especialidade (ao igual que no Grupo B), proponendo a de Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural."

---

Emenda nº24, ao apartado Dezasete quater), de Adición. Artigo 4





Adición artigo 4. Dezasete. Quater), de adición dun novo parágrafo á disposición adicional decimocuarta, que quedará redactado co seguinte contido:

"5..A segunda actividade tamén se lle aplicará ao colectivo de gardacostas, preservando as súas particularidades, agás a porcentaxe de prazas reservadas para esta actividade, que será obxecto de negociación, para que sexa efectivamente aplicable.

Tamén serán obxecto de negociación para acceder a unha segunda actividade os colectivos con especial incidencia na adaptación de postos, alta sinistralidade ou baixas reiteradas e de longa duración."

---

Emenda nº25, ao apartado Dezaioito, de Modificación. Artigo 4

Modificación do artigo 4. Dezaioito, que quedará redactado co seguinte contido:

"Disposición adicional décimo quinta.

Aos efectos de impulsar o desenvolvemento dos dereitos dos empregados públicos recollidos nos capítulos II e III do título VI desta Lei, poderá preverse como méritos a valorar nas respectivas convocatorias dos distintos sistemas de provisión e selección de concursos de traslados ou nas respectivas convocatorias de acceso extraordinario aos distintos graos do sistema de carreira profesional, o seguinte suposto:

A prestación de servicios en aqueles postos directamente relacionados coa loita contra a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, nas categorías do Grupo I, categoría 2, do Grupo II, categoría 2; do Grupo II, categoría 06; do Grupo IV, categoría 3; do Grupo IV, categoría 4; do Grupo IV, categoría 43; do Grupo IV, categoría 44; do Grupo V, categoría 1 e do Grupo V, categoría 11 (limpiador/a), do ámbito sociosanitario. As categorías do Grupo I, categoría 5, Grupo III, categoría 17, Grupo IV, categoría 11, categoría 1 do Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Persoal funcionario A1 Escala de Veterinaria, persoal funcionario dos Subgrupos C1 e C2 do Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia (LASAPAGA) desde os inicios da crise sanitaria do coronavirus (SARS-COV-2) colaborou activamente co SERGAS na realización de PCRs,



Igual consideración terán, aquelas especialidades funcionariais e/ou laborais cuxos postos estiveron directamente relacionados no mantemento do sistema a través das listas de contratación ao abeiro do Decreto 37/2006."

---

Emenda nº26, ao apartado Dezaoitto bis), de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4.Dezaoitto.Bis. que quedará redactado co seguinte contido:

"Disposición adicional décimo quinta. Bis). Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal derivadas da situación de emerxencia sanitaria.

1. No suposto de non existiren aspirantes nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais do grupo I, categoría 2, do grupo II, categoría 2, do grupo IV, categoría 3, do Grupo IV, categoría 43; do Grupo IV, categoría 44, e das restantes categorías de perfil sanitario e sociosanitario, acudirase ao procedemento establecido no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, opcionalmente, ás listas de selección temporal xestionadas polo Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, de non existiren integrantes nas listas das devanditas categorías dispoñibles para ser chamados e non sexa posible acudir ao procedemento establecido no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio, ou non se conseguiron aspirantes por este procedemento, poderase acudir á relación de penalizados da categoría profesional correspondente que solicitaron a reincorporación, ou aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estiveran publicadas as listas definitivas e lles correspondese ser admitidos ou, opcionalmente, á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.

Ademais, no suposto de inexistencia de integrantes das listas e imposibilidade de acudir ou seleccionar aspirantes polo procedemento regulado no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio, en postos pertencentes ás categorías de médico (I-02), enfermeira/o (II-02) e á categoría profesional de auxiliar de





clínica (IV-3), poderá accederse opcionalmente a persoal doutras listas de contratación temporal que estiveran en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais do grupo I, categoría 2), do grupo II, categoría 2 e do grupo IV, categoría 3, fose preciso acudir ao procedemento establecido no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio e non existisen candidatos que estiveran en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso á categoría de que se trate.

2. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

3. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das devanditas listas que tivesen solicitado previamente a suspensión das citacións, por non estar prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

O establecido nestas medidas ten vixencia limitada á duración do estado de alarma/emergencia sanitaria e ás súas prórrogas, de ser o caso, agás as previsións establecidas no apartado 1 que xa viñan sendo aplicadas para os supostos que se citan en virtude da Resolución do 12 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo entre a Dirección Xeral de Función Pública e as organizacións sindicais CCOO e UGT sobre a utilización con carácter excepcional das listas de contratación temporal do Servizo Galego de Saúde (Acordo entre a Dirección Xeral de Función Pública e o Comité Intercentros do persoal laboral da Xunta de Galicia)."

---

Emenda nº27, ao apartado Dezaioito ter), de Adición. Artigo 4



Adición dun novo artigo 4. Dezaioito. Ter), que quedará redactado co seguinte contido:

"Disposición adicional décimo quinta.Ter) Medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria.

Como consecuencia das circunstancias excepcionais ocasionadas pola declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia do COVID-19, que teñen impedido o desenvolvemento regular dos procesos selectivos e de provisión, de conformidade coas normas que lles son de aplicación e no seu caso, coas correspondentes bases dos procesos selectivos, poderán adoptarse coa debida motivación as seguintes medidas pola persoa titular da consellería competente nos respectivos ámbitos de persoal (función pública, educación e sanidade), namentres subsistan as devanditas circunstancias excepcionais:

- A ampliación dos distintos prazos de realización dos exercicios dos procesos selectivos ata que a situación derivada da pandemia permita un axeitado desenvolvemento dos mesmos.
- A posibilidade de realizar os exercicios dos procesos selectivos en distintas quendas, realizando no seu caso distintos exercicios sobre o mesmo temario; así mesmo, poderanse realizar os exercicios en distintas sedes, distribuíndose as persoas aspirantes do xeito que determine o órgano convocante dos procesos, sempre que quede garantido o respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso ao emprego público.
- A posibilidade para as persoas aspirantes que non se poidan presentar a algún dos exercicios do correspondente proceso selectivo alegando sintomatoloxía de contaxio do Covid-19, e se atopan en illamento ou en corentena por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 14 días ou en situación de confinamento obrigatorio, en cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos, realizaráselles unha segunda convocatoria, en data que non altere o desenvolvemento normal do proceso.
- A adopción de calquera outra medida a proposta da autoridade sanitaria, e negociada coas organizacións sindicais.





En coherencia coa previsión formulada pola Administración ao respecto da necesidade de contar con norma legal que ampare o desenvolvemento de probas selectivas. En atención a que se podería xerar un agravio ao respecto de probas que se inicien antes da súa entrada en vigor, posto que as persoas aspirantes non contarían con esta prerrogativa. Ante esta evidencia, a única posibilidade, que consideramos viable, co fin de que non afecte a situación actual ao desenvolvemento de procesos selectivos, por iniciar, entendemos que se debe proceder á espera da súa entrada en vigor co fin de que todo opositor/a conte con igualdade de condicións e dereitos."

---

Emenda nº28, ao apartado Dezaeito quater), de Adición. Artigo 4

Adición ao artigo 4. Dezaeito. Quater), que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional décimo quinta. Quater). A previsión de tramitación dun sistema excepcional e transitorio de solicitude de encadramento para o acceso ao grao I extraordinario do persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo que non tivera cumprido os requisitos o día 31 de decembro de 2018 para acceder ao grao I extraordinario establecido no punto terceiro, da sección segunda da orde do 15 de xaneiro de 2019 pola que se publica o acordo de concertación do emprego público de Galicia, pero que si cumpriron eses requisitos o día 31 de decembro de 2019.

Igual medida se aplicará ao persoal funcionario interino que en 31 de decembro de 2019 acreditou ter unha antigüidade de 5 anos na categoría dende a que solicita o complemento equivalente de carreira.

A periodificación anual da percepción do cobro do complemento necesariamente deberá cumprir as obrigas e compromisos en canto ao gasto público establecidos na Lei orgánica de estabilización orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Así mesmo, aplicarase o mesmo concepto, ao persoal laboral temporal que, de conformidade co disposto na disposición transitoria bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público



de Galicia, lle sexa expedido un nomeamento de natureza funcional interina, sempre que cumpra un dos criterios de avaliación establecidos para o acceso ao recoñecemento extraordinario do grao I do sistema de carreira profesional (Diario Oficial de Galicia, núm. 62 do 29.03.2019).

As contías económicas serán as que lles correspondan segundo están establecidas para os grupos ou subgrupos de pertenza segundo a periodificación establecida e con efectos de un de xaneiro de 2020.

Para os anos posteriores ao 2020, o persoal funcionario de carreira, persoal laboral fixo que opte por funcionarizarse ou o persoal funcionario interino poderá solicitar o recoñecemento do Grao I do sistema de carreira profesional no momento no que acredite que cumpre os requisitos e un dos criterios de avaliación antes referenciados, producíndose os efectos económicos ao mes seguinte ao do recoñecemento, sendo percibido de xeito prorrateado en catro anualidades ata acadar o 100 %."

"

---

Emenda nº29, ao apartado Dezaioito quinquies), de Adición.  
Artigo 4

Adición ao artigo 4. Dezaioito. Disposición adicional décimo quinta. Quinquies), que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional décimo quinta . Quinquies), Establecer o primeiro grado extraordinario da carreira profesional do persoal funcionario e laboral, que terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021, a razón dun 33%, coas seguintes cantidades:

A1/ I	2.400€
A2/ II	2.050€
B/ III (categorías 1 a 59)	1.700€
C1/ III (categorías 60 en diante)	1.700€
C2/ IV	1.350€
E (agrupacións profesionais) / V (reclasificaranse ao grupo C2)	1000€

Ao longo do ano 2021 negociarase a aplicación extraordinaria do segundo grao a todo o persoal a razón dos porcentaxes que se acorden, para os anos 2022 ao 2025. Os grados recoñecidos no réxime extraordinario serán irreversibles e consolidados a todos os efectos.





Abrirase unha mesa de negociación do réxime ordinario de carreira profesional para a súa aplicación e efectos dende o 1 de xaneiro de 2022.

No réxime ordinario, as contías por grado segundo grupos de clasificación, os criterios e sistemas da avaliación do desempeño, o tempo de servizos requiridos de permanencia en cada grado, e a composición das comisións de avaliación, serán obxecto da negociación referida no punto anterior."

---

Emenda nº30, ao apartado Dezanove, de Modificación. Artigo 4

Modificación do artigo 4.Dezanove., que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira segundo parágrafo ao número 3. O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprendido na alínea primeira desta disposición poderá participar nun proceso selectivo de promoción interna que se convocará polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrencia, en cada un dos corpos ou escalas de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aos que figuren adscritas as funcións que realice ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos exixidos, e para estes efectos valoraranse como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición."

---

Emenda nº31, ao apartado Dezanove bis), de Supresión. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. Dezanove. Bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Dezanove. Ter) Debe suprimirse o punto 5 da disposición derradeira quinta."

---





Emenda nº32, ao apartado 4 bis), de Modificación. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. bis) que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4. Bis). Derrogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular o art.6 para acadar así a reposición do articulado restritivo en dereitos dos empregados e empregadas públicas, sinaladamente no relativo á compensación de xornadas de domingos e festivos e días especiais, 24 e 31 de decembro."

---

Emenda nº33, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 8

Debe suprimirse o artigo 8. Dous

---

Emenda nº34, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 10

Modificación do artigo 10. Tres, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres. Modifícase o número 31 do artigo 68, que queda redactado como segue:

31. A reincidencia nunha infracción leve no termo dun ano. O prazo comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que a resolución adquira firmeza na vía administrativa."

---

Emenda nº35, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 11

Modificación do artigo 11. Un, que quedará redactado co seguinte contido:

"Un. Modificación do artigo 12, que queda redactado como segue:

"Artigo 12. Perímetros de alto risco de incendio





1. Sen prexuízo do disposto no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, poderanse declarar perímetros de alto risco de incendios, en base aos criterios da información histórica e os datos estatísticos sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e protección do chan fronte á erosión, determinaranse con carácter non permanente, aqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, mediante resolución da persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de prevención de incendios forestais, previos os informes oportunos.

2. A resolución conterá, ademais da descrición do perímetro, definido como as superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou pola importancia dos valores ameazados, as medidas de xestión da biomasa que se terán que levar a cabo para a prevención de incendios forestais. Estas zonas serán identificadas e delimitadas a nivel de parroquia e concello no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito regulados nos artigos 14 e 15 da presente Lei. Os traballos planificaranse en marxes de pistas, en áreas corta lumes e noutras actuacións encamiñadas a romper a continuidade dos combustibles forestais, actuando sobre a biomasa tanto por medios manuais, como mecánicos ou por queimas controladas.

3. A dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado e no taboleiro de anuncios do concello no que estea radicado notificándose ao titular catastral a resolución co perímetro de alto risco de incendio e os labores que deberán realizar os titulares das fincas ou dos seus dereitos de aproveitamento para diminuír o risco de incendios forestais.

4. Os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento nos que teñan que realizarse os traballos preventivos dispoñerán dun prazo de trinta días naturais, contados a partir do día seguinte da notificación, para realizalos e, no caso de non o faceren, a consellaría con competencias en materia de



prevención de incendios poderá realizalos con cargo aos seus orzamentos, atendendo ás disponibilidades orzamentarias."

---

Emenda nº36, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Modificación do artigo 11. Dous, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dous. Modificación do número 4 do artigo 16, que queda redactado como segue:

4. Os plans municipais poderán aprobarse para a totalidade do territorio do concello.

Os concellos cuxos plans xerais de ordenación municipal (PXOM) estean en trámite de aprobación, poderán elaborar os seus plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais baseándose nos devanditos PXOM. Trala súa aprobación definitiva, os concellos modificarán, de ser necesario, os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais. Con carácter previo á aprobación polos concellos das modificacións introducidas no plan, a dirección xeral competente en materia de prevención de incendios forestais emitirá preceptivamente e con carácter vinculante o seu informe sobre as devanditas modificacións."

---

Emenda nº37, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 11

Modificación do artigo 11. Tres, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres. Modificación da letra c) do artigo 20.bis, que queda redactada como segue:

c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e



subarbustivo, farase nos 5 metros dende a arista exterior do camiño. Neste último suposto, prohibirase a intervención nestas especies, salvo por causa xustificada de seguridade industrial ou servidume electrotécnicas, a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente . Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura. O motivo é Impacto ambiental moi importante polo que se debe seguir o mesmo criterio que no parágrafo anterior.

Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica solares e nas subestacións eléctricas deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas.. O motivo é Impacto ambiental moi importante polo que se debe seguir o mesmo criterio que no parágrafo anterior

Se nas subestacións eléctricas existen edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles aplicable o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 .Ter.

Para estes efectos, a persoa responsable deberá remitir ao taboleiro de edictos do concello un anuncio, con quince días de antelación ás operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que os propietarios dos terreos poidan executalas previamente, no caso de estaren interesados. Transcorrido o devandito prazo sen que se fixese a correspondente xestión de biomasa, a persoa responsable estará obrigada á súa realización. No caso de que o propietario do terreo non tivese executada a xestión da biomasa e non lle conceda permiso ao titular da instalación para realizar esta xestión, a persoa titular da instalación deberá comunicalo ao órgano competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para a adopción das medidas oportunas, segundo o previsto no





artigo 22, por ser de interese xeral evitar a xeración e a propagación de incendios forestais. Dende o momento en que o titular da instalación remita a mencionada comunicación ao órgano competente, será o propietario dos terreos o que pase a ostentar a condición de persoa responsable aos efectos do previsto nesta lei."

---

Emenda nº38, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 12

Modificación do Artigo 12. Un, que quedará redactado co seguinte contido:

"Un. O artigo 47 ter queda redactado como segue:

Artigo 47 ter. Fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo.

1. Nas aldeas modelo procurarase a recuperación da actividade económica e social dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. A estes efectos, a consellería competente en materia de medio rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coordinará as súas actuacións, ademais de cos respectivos concellos, a través de proxectos de aldeas modelo, consistentes na recuperación e posta en valor das terras circundantes a núcleos de poboación, incluíndo total ou parcialmente as súas faixas secundarias de xestión de biomasa. Nos proxectos de aldeas modelo procurarase a recuperación da actividade económica e social destes núcleos, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e o aumento da calidade de vida da súa poboación coas consellerías e entidades competentes para promover, entre outras finalidades, a recuperación da capacidade agronómica do perímetro da aldea modelo, a rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística do seu núcleo e a promoción do emprego. En particular, poderán habilitarse liñas específicas de axuda para o desenvolvemento de actividades neses proxectos

2. As aldeas modelo emprazaranse en zonas en abandono ou infrautilización de alta ou especial capacidade produtiva para un ou varios cultivos ou aproveitamentos, e terán por obxecto principal a volta á produción de áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo





estados de abandono e/ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade económica agroforestal.

3. Os concellos interesados na declaración dunha aldea modelo no seu termo municipal deberán presentar unha solicitude acompañada dunha proposta de perímetro da mesma e da documentación xustificativa dos seguintes requisitos:

a) Que o concello xustifique que dispón do acordo dos titulares dos dereitos de aproveitamento que alcancen o mínimo do 70 por cento da superficie do perímetro proposto da aldea modelo, no que deberá incluírse ao menos o 70 por cento dos terreos que de acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, se definan como faixas secundarias de xestión da biomasa. O requisito da porcentaxe mínima de superficie da faixa secundaria poderá excepcionalmente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cando por razóns de carácter técnico, agronómico ou produtivo así se xustifique.

Coa solicitude os concellos presentarán unha relación de persoas titulares de dereitos de aproveitamento das parcelas incluídas dentro da proposta de perímetro de aldea modelo, con indicación das persoas titulares que non foi posible localizar e as que rexeitaron a súa inclusión.

Os titulares dos dereitos de aproveitamento sobre parcelas incluídas no perímetro proposto con facultades para arrendalas conforme á lexislación civil, e que voluntariamente acorden adherirse a unha aldea modelo, deberán asumir un compromiso de incorporación das ditas parcelas ao Banco de Terras para a súa cesión por un período mínimo de cinco anos, incluíndo o permiso de entrada nas mesmas para a realización das actuacións preparatorias necesarias para materializar a cesión.

Esta cesión permitirá que o Banco de Terras intermedie entre os ditos titulares de dereitos de aproveitamento con facultades arrendaticias e posibles persoas explotadoras das ditas terras, previa fixación da ordenación produtiva mais acaída ás mesmas e a súa limpeza.

A cesión realizarase mediante a sinatura dun modelo normalizado aprobado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no que se declare a firmeza dos compromisos asumidos, incluído o da formalización por parte





dos referidos titulares de dereitos de aproveitamento, dos contratos de arrendamento coas persoas arrendatarias nas condicións que resulten de aplicar a correspondente guía de ordenación produtiva e do resultado do procedemento de concorrencia para a selección das persoas arrendatarias previsto na presente lei.

b) Que o concello se encuentre adherido ao sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias definido no artigo 21 quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

c) Que exista grave situación de abandono nun mínimo do 50% do perímetro proposto.

d) Que as terras incluídas no perímetro proposto posúan maioritariamente boas características produtivas.

4. A concorrencia dos requisitos expostos deberá ser avaliada polo órgano xestor do Banco de Terras de Galicia, que deberá emitir a tal efecto un informe favorable.

5. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a proposta da persoa titular da súa dirección xeral, atendendo ás solicitudes dos concellos interesados e unha vez incorporado ao expediente o informe favorable do órgano xestor do Banco de Terras de Galicia, formulará a declaración de aldea modelo iniciándose a elaboración dunha guía de ordenación produtiva para o seu desenvolvemento, en particular: ás propostas que teñan como finalidade a ampliación da base territorial das explotacións xa existentes, e ás propostas que se refiran á produción ecolóxica e ás producións de gandería extensiva. O ámbito da zona de actuación definirase por un perímetro de actuación integral, que poderá abranguer terreos que non se contemplan na guía de ordenación produtiva da aldea modelo por estaren xa en explotación ou parcelas que foron excluídas voluntariamente polas persoas titulares.

6. A declaración da zona de actuación e aprobación do proxecto de aldea modelo irá precedida da valoración por parte da Axencia da prioridade entre as diferentes iniciativas, atendendo ás súas dispoñibilidades orzamentarias e técnicas e á viabilidade económica do proxecto, así como tamén da determinación da aptitude agroforestal dos terreos, os cultivos recomendados.



7. A declaración de aldea modelo determinará a asunción por parte da consellería con competencias en medio rural da limpeza dos terreos dos titulares incluídos no seu perímetro.

8. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá acometer, total ou parcialmente, as actuacións técnicas necesarias incluídos, no seu caso, a redacción dos proxectos de obras e instalacións e a súa execución para a primeira posta en produción da actividade.

As obras promovidas deberán obter os correspondentes títulos habilitantes de natureza urbanística establecidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Promoverase a realización de actuacións de fomento do emprego e, en particular, as ligadas aos programas de formación e práctica profesional, incluíndo, entre outras, a organización polo concello de talleres duais de emprego para a realización de actuacións previstas no proxecto.

9. Unha vez declarada a zona de actuación e aprobado o proxecto, a Axencia publicará a declaración no «Diario Oficial de Galicia» e daralle publicidade na súa páxina web e abrirá un prazo mínimo de 10 días hábiles para a recepción de propostas de participación no proxecto, as cales, como mínimo, deberán identificar os terreos que se pretenden aproveitar, os cultivos correspondentes e os prezos que terán que satisfacerse aos titulares dos dereitos sobre eles, nos termos establecidos no proxecto.

Para os efectos da valoración das propostas e a súa viabilidade, a Axencia poderá requirir canta documentación complementaria estime pertinente, incluída a presentación dun proxecto básico da actuación. No caso de presentarse propostas que soliciten a cesión de terreos por un prazo superior ao mínimo de 5 anos, antes da selección da proposta deberá darse traslado aos titulares dos dereitos sobre os terreos para que presten a súa conformidade. No caso de que algún dos titulares non acepte o prazo superior, daráselle a oportunidade á persoa proponente para que reformule a súa proposta ou a retire.

10. A aprobación da declaración de aldea modelo e do proxecto produtivo determinará que os terreos das faixas secundarias de xestión da biomasa da aldea modelo que non estean incluídos no perímetro de aldea modelo ou que incluídos nel non se incorporen ao Banco de Terras, poidan acollerse ao sistema público de xestión da biomasa definido no artigo 21 quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e





defensa contra os incendios forestais de Galicia. Nestes casos, se os titulares dos terreos aceptan a súa incorporación ao indicado sistema, aplicarase pola administración autonómica a tarifa correspondente durante o prazo de duración do dito sistema.

11. No caso de que non se presenten en prazo propostas para o aproveitamento dalgunha das parcelas, a Axencia poderá abrir un novo prazo de presentación e admitiranse as propostas que se presenten atendendo á súa prioridade temporal, sempre que cumpra os requisitos sinalados e dentro do prazo de duración do compromiso de incorporación dos titulares dos dereitos de aproveitamento das parcelas ao Banco de Terras.

12. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural impulsará a creación dunha rede de aldeas modelo de Galicia como instrumento de colaboración funcional entre elas, que terá os seguintes obxectivos: a posta en común de experiencias e información; a coordinación de producións e a xeración de sinerxías entre as diferentes aldeas modelo, a promoción e posta en valor dos produtos procedentes destas aldeas modelo e a consecución por estes de estándares de excelencia."

---

Emenda nº39, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 13

Modificación do artigo 13.Un., que quedará redactado co seguinte contido:

"Un. Modificación do número 4 do artigo 8. Un, que queda coa seguinte redacción:

4. Axente forestal, axente facultativo medioambiental, axente técnico en xestión ambiental:, defínese como o funcionario dependente dun órgano superior ou de dirección da Administración Xeral da Xunta de Galicia, da correspondente escala do corpo de funcionarios e funcionaria que ostenta a condición de axente da autoridade que, de acordo coa súa propia normativa, ten encomendadas, entre outras funcións, as de xestión pública forestal e vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Xuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal, e de maneira



coordinada coas Forzas e Corpos de Seguridade, con respecto ás facultades da súa lexislación orgánica regulador."

---

Emenda nº40, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 13

Adición ao artigo 13. Un. Bis, que quedará redactdo co seguinte contido:

"Un. Bis). 24. Persoal técnico competente  
Os actuais titulados en enxeñaría de montes ou enxeñaría técnica forestal e demais titulados universitarios con competencias en sistemas e medios forestais."

---

Emenda nº41, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 13

Modificación do artigo 13. Dous., que quedará redactado co seguinte contido:

"Dous. O número 2 do artigo 54 queda coa seguinte redacción:

2. A comunidade propietaria examinará e discutirá a documentación presentada e a continuación remitirá á Administración forestal unha proposta con plano topográfico, xunto con toda a documentación e as alegacións presentadas. Examinadas a documentación e a proposta de deslindamento provisional, a Administración forestal emitirá informe."

---

Emenda nº42, de Modificación. Artigo 21

Moificación do artigo 21.

Onde di: "... accesibilidade. Con esta...."  
debe dicir: "...accesibilidade, incluídas aquelas que garantan a accesibilidade cognitiva. Con esta ..."

---





Emenda nº43, ao apartado Un.3, de Modificación. Artigo 22

Modificación do artigo 22. Un. 3, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. As reunións da asemblea xeral poderán desenvolverse integramente por videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan a participación a distancia, ou de forma mixta (presencial e por medios telemáticos), sempre e cando todas as persoas que deban ser convocadas teñan posibilidade de acceso. Na convocatoria determinaranse os prazos, as formas e os modos de exercicio dos dereitos por parte das persoas que asistan telematicamente á asemblea.

*Dende o mesmo momento en que se convoque a asemblea xeral , as persoas socias terán garantizado o acceso presencial e electrónico a toda a documentación que deba porse a su disposición con arreglo o art. 34 da ley de cooperativas de Galicia*

*No caso de que na data da convocatoria , no forma emitido o informe de auditoría , dito informe se pondrá a disposición das persoas socias a partir do día seguinte hábil a data do mesmo .*

Cando se convoquen reunións da asemblea xeral para a súa realización por medios telemáticos, o órgano de administración deberá adoptar as medidas necesarias para garantir: e) A verificación da identidade das persoas asistentes. f) A acreditación da representación coa que actúan, de ser o caso. g) O exercicio do dereito de participación con voz e voto, segundo proceda. h) O sentido dos votos emitidos e o seu cómputo, tendo en conta o voto plural cando proceda. i) O segredo dos votos, cando deban ter tal carácter."

---

Emenda nº44, de Supresión. Disposición adicional primeira

Debe suprimirse a disposición adicional primeira.

---





**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 21/12/2020 18:05:05**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25  
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG3yz3D5D3y2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

